

E os da banda d'alá son máis estranxeiros ca os de Madrí? Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría¹

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Centro de Linguística da Universidade de Lisboa

RESUMO. Este artigo examina, nunha perspectiva contrastiva, as denominacións existentes para catro conceptos do campo semántico da gandaría nas redes do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) e do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), co obxectivo de determinar a presenza de áreas lexicais comúns a Galicia e Portugal e analizar a súa distribución, prestando especial atención ó papel da fronteira política na circulación das palabras. En total, obtéñense 1602 respostas, que se poden agrupar en 167 procedementos designativos distintos, dos cales apenas 30 están presentes nos dous territorios. Porén, de termos en conta a vitalidade dos citados procedementos, constatamos que o 78% das 880 respostas galegas tiña un equivalente en Portugal, mentres que o 56% das 722 respostas portuguesas estaban tamén en territorio galego. Os nove mapas dispoñibles no artigo amosan a diversidade de tipos de área dialectal: existen tanto designacións presentes nun territorio continuo en Galicia e Portugal coma áreas que deteñen a súa expansión na zona de fronteira.

Data de recepción: 05-04-2010 Data de aceptación: 13-04-2010.

1 Unha versión previa deste traballo foi presentada no 42º Congreso da *Societas Linguistica Europaeae*, celebrado en Lisboa do 9 ó 12 de setembro de 2009, do que non se publicaron actas. A elaboración deste artigo contou con financiamento do Ministerio de Educación do Goberno de España e da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnología; este insérese dentro dos proxectos financiados *Tesouro Dialectal Portugués* (Fundação para a Ciência e a Tecnologia, Portugal, PTDC/CLE-LIN/102650/2008) e *Tesoro del léxico patrimonial gallego y portugués. Banco de datos electrónico (corpus gallego) y cartografía automática* (Ministerio de Ciencia e Innovación, España, FFI2009-12110). O autor agradece as interesantes achegas dos doutores Ana Canda, Francisco Dubert e João Saramago, así como as dos revisores deste artigo. A pregunta que abre o título do artigo, *E os da banda d'alá son máis estranxeiros ca os de Madrí?*, está tomada dun debuxo do artista e político galego Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Na caricatura, que el sitúa na beira galega do río Miño, que na parte final do seu curso marca a fronteira política entre Galicia e Portugal, un rapaz pregunta a unha persoa maior: *E os da banda d'alá son máis estranxeiros que os de Madrí?* E aclárase entre parénteses: *Non se soupo o que lle respondeu o vello*. A imaxe pode verse en <<http://www.geolinguistica.org/artigos/verba37.html>>

Palabras clave: Dialectoloxía, xeografía lingüística, léxico, áreas lexicais, gandaría, atlas, *Atlas Lingüístico Galego*, *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*.

ABSTRACT. This article examines, employing a contrastive perspective, the existent denominations for four concepts from the semantic field of the cattle within the *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) and the *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG). Its objective is to determine the existence of lexical areas common to Galicia and Portugal and to analyze their distribution, paying special attention at the role the political frontier plays in the circulation of words. In total, 1602 answers can be found, and they can be grouped in 167 different designative procedures, from which only 30 are present in both territories. However, if we consider the vitality of the aforementioned procedures, we note that 78% of the 880 answers from Galicia had an equivalent in Portugal, while 56% of the 722 Portuguese answers were also present in the Galician territory. The nine maps available in this article show the diversity of the types of dialectal areas: there are designations present in a continuous territory in Galicia and in Portugal, as well as areas that detain their extension in the border zone.

Keywords: Dialectology, linguistic geography, lexicon, lexical areas, cattle, atlas, *Atlas Lingüístico Galego*, *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*.

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo é presentar, baixo un foco contrastivo, as designacións existentes en territorio galego e portugués para catro conceptos referidos á reprodución da vaca, coa intención de analizar a distribución das respostas de norte a sur da faixa occidental da Península Ibérica, dentro do diasistema lingüístico galego-portugués. Tal e como se xustificará máis abaixo, escolleuse léxico *tradicional* comparable ó elixido por Cintra (1962) no seu clásico estudo das áreas lexicais no portugués. Francisco Dubert e Xulio Sousa, na súa análise da distribución en territorio galego das áreas establecidas polo dialectólogo lisboeta, pechaban o seu artigo sinalando que “é claro que estas conclusións dependen dos criterios léxicos establecidos por Cintra; non saberíamos dicir qué acontecería se os campos léxicos estudados foran outros” (Dubert e Sousa 2002: 221). En certo modo, este artigo tenta ofrecer algunhas respostas a esa pregunta, se ben que con condicións de partida algo distintas: estúdanse conceptos que contan con moita máis variedade de designacións nos dous países e trabállase con datos máis actualizados e pormenorizados, procedentes da rede do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), que practicamente triplica os puntos de Cintra, aqueles investigados por el e Aníbal Otero para o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) nos anos cincuenta².

2 Saramago e Álvarez (no prelo) compara as áreas establecidas por Cintra co material do ALPI e as que se observan, para os mesmos conceptos, na rede do ALEPG. Conclúese que a fotografía ofrecida por Cintra, aínda que válida nas liñas xerais, é bastante imprecisa, pois non recolle varios tipos designativos e, especialmente no sur de Portugal, non dá conta de áreas conservadoras en que se manteñen respostas que o profesor lisboeta só cartografía no norte.

Tamén se pretende amosar a utilidade de estudos de conxunto que tomen conta do territorio dos dous países, para obtermos así unha representación máis acaída das áreas lexicais e unha comprensión global dos mecanismos de circulación de palabras, a súa distribución co decorrer do tempo, a vitalidade de determinados procedementos de formación, etc. Este traballo insírese dentro dun proxecto máis amplo, desenvolvido en parceria entre o Centro de Linguística da Universidade de Lisboa e o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, que ten como obxectivo a representación conxunta non só de léxico dialectal, senón tamén de fenómenos fonéticos e morfolóxicos, a partir dos datos que ofrecen os dous atlas lingüísticos emprendidos por esas institucións, o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), parcialmente publicado³, e o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), xa investigado e actualmente en proceso de edición⁴.

1.1. Material empregado

A fonte primaria está constituída por material inédito recollido nas investigacións dos referidos atlas. No que respecta ó ALGa, transcribíronse as respostas directamente desde os 165 cuestionarios de enquisa conservados, mentres que para o ALEPG partiuse só da rede do territorio continental portugués, sen incluír as 12 localidades investigadas na zona limítrofe española, pois, dun lado, a parte galega xa está representada no ALGa e, do outro, considérase que a fronteira norte-sur entre España e Portugal ten particularidades que a fan merecente dun estudo máis demorado e centrado nela⁵. Porén, non se puideron incluír todos os 176 puntos portugueses, xa que aínda non se completou a transcripción de todas gravacións efectuadas no momento da enquisa e, por diversos motivos, non sempre se puideron recuperar as respostas que nos interesaban alá onde faltaban; deste modo, quedou sen representación unha ducia de localidades da rede orixinal, ausencias limitadas que non afectan o obxectivo nin as conclusións do traballo. Téñase presente, á hora de comparar as designacións existentes nun e noutro material, que a densidade da rede do ALGa practicamente triplica a do ALEPG, feito que, sen dúbida, repercute no número de respostas obtidas e na súa diversidade.

Como este artigo está centrado no léxico, simplificouse o corpo fonético das respostas, que se ofrecen en grafía ordinaria, de acordo coa normativa oficial fixada para o galego e o portugués.

3 Ata o momento publicáranse cinco volumes do referido atlas, pero non apareceu aínda o que conterá os conceptos de gandaría aquí examinados.

4 Non me deterei na exposición destes dous proxectos xeolingüísticos, pois, alén de seren iniciativas coñecidas na comunidade romanística, existen abundantes recensións e descrições, por exemplo González (1994 e 2007) ou Saramago (2006).

5 Véxase, por exemplo, a proposta feita en Álvarez e Saramago (no prelo), que tamén bota man de léxico tradicional e que estuda datos de, entre outras localidades, Sa Martín de Trevellu.

Os datos da fonte primaria son os únicos que se cartografan e dos que se ofrecen estatísticas de uso, mais, para comentalos, tamén se chaman en causa outras formas da fala viva, obtidas de fontes bastante diversas en canto a procedencia e rigor científico (enquisas realizadas por estudantes universitarios, voces de dicionarios con información diatópica, teses de mestrado ou doutoramento, etc.). Xa que o obxectivo fundamental deste traballo é a análise da distribución xeográfica das respostas e a posible conformación de áreas, o estudo individual de cada designación no que respecta á etimoloxía, presenza e fortuna nos dicionarios, etc. será necesariamente limitado.

1.2. Conceptos estudados

Para o comentario contrastivo, escolléronse catro conceptos pertencentes ó campo nocional da vaca. Coñecemos ben a enorme importancia sociocultural deste animal en Galicia e Portugal, especialmente no primeiro país, terra dos mil ríos e do millón de vacas. A gandaría fora tamén o campo elixido por Cintra (1962) para examinar as áreas lexicais do portugués, polo que a nosa elección ten, como xa se referiu, tamén como propósito servir de elemento de contraste e complemento do exposto polo dialectólogo lisboeta. Evidentemente, para o estudo da distribución das formas é moi relevante que se trate dun campo semántico *tradicional*, pois, como xa sinalara Herculano de Carvalho (1953: 301), este tipo de conceptos permanece «alheio ás influencias posibles dessa mesma lingua común, que o ignora» e, en consecuencia, segue «o seu propio destino regional, agrupando-se em áreas bem definidas, que se interpenetram, se deslocam e se recobrem mutuamente, seguindo correntes culturais de direcção igualmente definida».

Establecidas esas premisas, fíronse procurar conceptos do campo semántico que fosen próximos en canto a significado e que estivesen representados nos cuestionarios dos dous atlas. Non se comprobou previamente se as designacións existentes para darlles nome coincidían en Galicia e en Portugal, nin tampouco se había áreas lexicais ben definidas para as distintas respostas; así, o estudo das coincidencias e diverxencias entre o vocabulario galego e o portugués que aquí se presenta non estivo condicionado pola escolla das mostras, se ben que, é claro, o número tan limitado de conceptos estudados fai que as conclusións aquí obtidas non poidan extrapolarse a todo o vocabulario *patrimonial*.

En concreto, os catro conceptos escollidos para exame, diferentes aspectos da reprodución da vaca, son os seguintes: 1. ‘abortar’ . 2. ‘libre’ (vaca que non tivo crías nun determinado ano). 3. ‘saída, quente’ (vaca co celo, que anda ó boi) . 4. ‘cubrir’⁶. Estreitamente relacionado con eles está o concepto ‘machorra’ (vaca estéril), que non se incluírá aquí por-

6 Correspondentes ás seguintes preguntas dos respectivos atlas: 1155-(vaca) *aluada*; 1156-*cobrir*; 1159-*abortar*; 1161-*alfeira* (ALEPG) e 1587- *vaca torionda*; 1588- *torear, montar, cubrir á vaca*; 1590- *horra, valeira*; 1591- *malparir* (ALGA).

que, ademais de ser un ítem xa escollido por Cintra (1962), foi estudado despois por Dubert e Sousa (2002) para o galego (con base no material do ALGa), Dubert e Sousa (2009) para o conxunto da Península Ibérica (servíndose esencialmente dos datos do ALPI) e por Saramago e Álvarez (no prelo) para o portugués (con datos do ILB, ALPI e ALEPG).

2. 'ABORTAR'

Para designar o proceso de interrupción da gravidez, recolléranse 29 procedementos designativos distintos, dos cales 19 en territorio portugués (para un total de 181 respostas) e 15 en Galicia (contabilizando 202 respostas). Apenas 5 son procedementos comúns ós dous países, pero o número de respostas que agrupan é moi grande, o 47'5% das contestacións portuguesas e o 78'42% das galegas. Pódense distinguir tres tipoloxías distintas.

2.1. Formas con destacada presenza nos dous países (mapa 1)

É o caso de *abortar*, que conta con 35 respostas en Portugal e 94 en Galicia, que supoñen un 19'33% e un 46'31%, respectivamente, das formas recollidas en cada zona. Mentres que o centro e sur de Galicia presentan innúmeros rexistros de *abortar* (alternando con *malparir* na parte occidental), no norte de Portugal, de Porto para riba, practicamente non existe esta resposta, a non ser en catro puntos do extremo setentrional, case contiguos á fronteira política; o baleiro existente nesa área está cuberto polos tipos *desparir*, *mover* e *perigar*, que serán comentados a seguir. O tipo *abortar* volve aparecer con forza entre Porto e Santarém e, mais minoritariamente, nalgúns puntos alentexanos e algarvíos.

2.2. Formas con destacada presenza nun país, pero minoritarias no outro (mapa 2)

Con maior presenza no lado galego, temos *malparir*⁷, recollido en 62 puntos galegos (30'54% das respostas), sobre todo no oeste do territorio, fronte a só un rexistro en Portugal, en Barrancos, localidade alentexana ben afastada de Galicia; como é sabido, esa vila ten unha fala moi influída polos dialectos estremeños e andaluces⁸ e, de feito, *malparía* non é resposta estraña no sur da Estremadura española para a cría que naceu morta⁹. Porén, a efectos da nosa comparación, é relevante notar que nunha zona lindeira con *malparir*, no distrito de Viana do Castelo (e nun punto de Braga), domina a voz *desparir*, que tamén está formada sobre o coñecido continuador do lat. PARĒRE. Do mesmo modo, inda que só se recollese unha vez na

7 Cumpriría ter en conta tamén as variantes *desparir* (obtida en 6 puntos portugueses, un 3'31% das respostas) e *ter mal parto* (documentada en tres localidades galegas, o que supón o 1'48% das respostas).

8 Deixamos á marxe, conscientemente, as discusións sobre o estatus desta fala. Véxase, por exemplo, o traballo de Victoria Navas citado na bibliografía.

9 Tal e como o recolleu González Salgado (2000), cf. <<http://geolectos.com/mapas/258.pdf>>.

rede do ALEPG, os dicionarios¹⁰ coñecen *malparir* e, incluso, o derivado *malpariçã* (Morais), para se referir ó aborto en xeral, non necesariamente o da vaca.

Pola contra, (*a*)*mover* testemuñase en 47 ocasións no lado portugués (supón máis dunha cuarta parte das respostas), mentres que do outro lado da Raia só se rexistra no punto zamorano de Hermisende, a apenas 12 km da área compacta de (*a*)*mover* documentada na zona de Braganza, de menor vitalidade, con todo, que a existente nun rectángulo case perfecto delimitado por Alcobaça e Sesimbra no occidente e Portalegre e Moura no oriente.

2.3. Formas minoritarias nos dous países (mapa 2)

Abalarse só apareceu dúas veces nas enquisas. Recolleuse en Brufe, a apenas 8 km da fronteira con Galicia, e nun punto galego bastante máis ó norte, en Vilasantar, na provincia da Coruña. Unha ollada ó GVGH revela que o uso de *abalar* na acepción de ‘abortar’ é típico da segunda zona, pois aparecen referencias en Curtis, Sobrado e Guitiriz, localidades todas elas moi próximas á arriba citada, mentres que non hai rexistros no sur. Semanticamente, o verbo *abalar*, que ten acepcións como ‘axitar, tremer, non estar firme, etc.’ pode relacionarse doadamente coa forma *mover*, antes comentada. A súa etimoloxía é tema discutido, como sinala DCECH, s.v. *aballar*, que avala as tres principais hipóteses que foran expostas, amosando predilección por un étimo BALLARE ‘bailar’.

A outra resposta incluída neste parágrafo, *estragarse*, aparece en Santo André, concello de Montealegre, punto portugués moi próximo á fronteira con Galicia, e mais en dous municipios galegos, das Terras do Ulla, no interior do país (Touro e A Estrada, como coocurrencias con *derramarse* e *abortarse*, respectivamente). A súa distribución é, por tanto, moi semellante á da designación estudada no parágrafo precedente. Nos dicionarios portugueses consultados, non hai traza desta acepción específica, a diferenza do que acontece nalgún galego, pois xa Valladares, que precisamente era natural das Terras do Ulla, incluía unha entrada *estragarse* coa definición “malparir, o abortar alguna hembra”. Polos seus valores semánticos, a forma *estragar* (< lat. STRAGARE ‘asolar, devastar’) na súa acepción de ‘abortar’ ten que ser posta en relación con algunhas respostas que serán comentadas a continuación: *dañarse* (só se recolleu a forma castellanizada) e *derramarse*.

2.4. Formas que só se documentan no material primario dun dos territorios

Son as seguintes, agrupadas segundo o valor semántico e con indicación dos rexistros en cada territorio¹¹: 1. Designacións que significan ‘facer dano, danar, botar algo a perder’:

10 O cuestionario do ALEPG non pregunta, para o ser humano, o concepto ‘abortar’, polo que non podemos contrastar a vitalidade lexicográfica coa da fala viva.

11 Con G anotamos as respostas galegas e con P as portuguesas.

dañarse: G 3 (1'48%); *derramarse*: G 4 (1'97%); *malear*: P 27 (14'92%). 2. Designacións que significan 'queda estéril': *forrar*: P 1 (0'55%); *manear*: P 12 (6'67%); *queda baleira*: G 1 (0'49%); *queda maniña*: G 1 (0'49%). 3. Construcións sobre *perder*, *perda*¹²: G 6 (1'96%). 4. Designacións que significan 'non acadar, non conseguir': *não alcançar*: P 1 (0'55%); *non lograr*: G 1 (0'49%). 5. Construcións que significan 'expulsar a barriga': *botar a barriga*: P 7 (3'87%); *deitar a barriga*: P 10 (5'5%). 6. Outras designacións: *alborotar*: G 1 (0'49%); *botar a cria antes de tempo*: P 1 (0'55%); *desfazer a cria*: P 1 (0'55%); *desmaio*: P 1 (0'55%); *desmanchar*: P 1 (0'55%)¹³; *espoltrar(se)*: G 21¹⁴ (10'34%); *levar camiño*: G 1 (0'49%); *ougar*: P 1 (0'55%); *perigar*: P 26 (14'36%); *revoltar-se*: P 1 (0'55%).

Polo seu elevado peso porcentual, sobresaen dúas respostas documentadas só na rede portuguesa: *malear* e *perigar*, que, entre as dúas, acadan practicamente un terzo das respostas. A primeira das designacións é típica do sur de Portugal, desde o distrito de Beja e a metade inferior do de Setúbal para o sur, onde alterna con outras respostas. É posible que se trate, e así o identifica o Cândido de Figueiredo, de forma vinda de España; de feito, e alternando con *malparir*, documéntase con abundancia en Huelva (cf. ALEA, mapa 466) e, en xeral, no suroeste de Andalucía. Por contra, a forma *perigar* non está tan marcada xeograficamente en Portugal, pero si é certo que se concentra sobre todo no noroeste, sen chegar a lindar con Galicia, de Ovar a Viana do Castelo pola costa e ata Vila Real no interior; fóra quedan 3 puntos á volta de Coimbra e outros dous apenas separados uns 20 km, na fronteira entre os distritos de Beja e Faro. Ningunha delas se documentou coa acepción específica 'abortar' nos dicionarios galegos consultados.

Da outra banda, cabe sinalar a resposta *espoltrar(se)*, coa variante *espoldrar(se)*, recollida en 21 puntos galegos, o que conforma máis dun 10% da rede. Nalgunha das localidades investigadas sinalábase que se usaba máis frecuentemente con eguas, tal e como dá a entender a súa composición, pero na grande maioría dos casos non hai precisións deste tipo e mesmo aparece nalgúns puntos referida ó ser humano (cf. mapa 281 do vol. V do ALGA); é unha forma presente tamén no dominio catalán (cf. DCECH, s.v. *despotricar*). Nos dicionarios portugueses examinados non se coñece coa acepción que aquí nos ocupa, senón, xeralmente, como "podar segunda vez, ou desramar depois da vindima (a videira)" (Morais, s.v. *espoldrar*).

Os límites do presente artigo impiden examinar en detalle as respostas de menor fortuna, aínda que si se poden ofrecer algunhas consideracións. A propósito de *desmanchar*, cómpre indicar que o seu carácter minoritario en Portugal éo só en aparencia, pois a forma *desmancho* 'aborto [da muller]' é coñecida nun número considerable de puntos, repartidos por toda a xeografía portuguesa, segundo demostran os datos do ALEPG ou como manifesta, entre outros, o dicionario Morais. Unha pescuda nos dicionarios clásicos do galego non

12 *Botarse a perder; botarse de perda; darse de perda; facer unha perda; ter unha perda.*

13 Verbo reconstruído a partir da resposta recollida en Murtinheira (Coímbra), *desmancho*.

14 Recolleuse en dúas localidades máis, asturianas, pero referido só ás bestas.

revela tanta vitalidade, se cadra, por se tratar de temas pouco gratos para a lexicografía, aínda que si hai noticia dunha entrada *desmancho* “aborto”, no dicionario de Porto Rey. Do mesmo modo, non se obtiveron no ALGa nin *desmancho* nin *desmanchar* nas investigacións referidas ó léxico do ser humano.

A forma *derramar* ten en portugués unha pluralidade de acepcións, pero nas obras consultadas non se recolle o significado específico ‘abortar’, que é o que nos interesa neste momento. Obsérvase que a acepción primaria de *derramar* ‘quitar as ramas’ é case idéntica ó valor de *espoldrar* arriba comentado (‘podar a videira’), o que permitiría incluso emparellalas nun uso metafórico da lingua: a vaca perde a cría, como a árbore perde as ramas. Os dicionarios galegos e as teses que recollen léxico dialectal tamén reflicten unha boa diversidade de significados, desde o específico ‘abortar’¹⁵ ata o máis xenérico ‘estropear, estragar’, pasando, está claro, por ‘verter’.

Para *forrar*, véxase máis abaixo o comentado a propósito da femia estéril. Por último, a respecto de *ougar*, voz localizada en Portugal moi preto da fronteira (Mondrões) e non descoñecida no galego, habería que dicir que se trata dunha variante de *aguar*, que é tamén unha entrada con moitas acepcións nos dicionarios portugueses (‘regar, mesturar con auga, pertubar, adoecer, etc.’), pero ningunha que sexa, directamente, ‘abortar’.

3. ‘[VACA] LIBRE, QUE NON TEN CRÍAS’

Alfeira é a vaca que aínda non tivo crias, ou aquela que xa empreñou antes, pero non nese ano en concreto. Aínda que son conceptos moi próximos e é frecuente o entrecruzarse de designacións, non se debe confundir con *machorra*, a vaca estéril¹⁶. Nalgúns casos, os conceptos dados como resposta polos informantes viñan acompañados de precisións temporais ou doutro tipo (por exemplo “non empreñou no último ano”, “foi ó boi e non empreñou”, etc.) que non mantivemos, pois non interesaban para o propósito deste traballo comparativo.

Para designar este concepto, recolléronse 37 procedementos designativos distintos, dos cales 25 foron documentados en territorio portugués, para un total de 136 respostas¹⁷, e 20 en Galicia, contabilizando 198 respostas. Deses tipos, apenas 8, algo mais da quinta parte, son comúns ós dous países, pero agrupan unha porcentaxe de respostas moi superior, especialmente no caso de Galicia: 36’84% das formas portuguesas e 83’66% das galegas.

Como no caso anterior, clasificaranse estes oito procedementos en tres categorías, segundo a súa distribución territorial, mais un cuarto apartado, de respostas que aparecen só nunha das zonas.

15 Documentado en Razo e Verín, segundo recolle GVGH, s.v. *derramar*.

16 Tal e como se detalla no apartado 1.2 deste artigo, o tipo *machorra* xa foi amplamente estudado en Galicia e Portugal.

17 Precisamente a proximidade co concepto *machorra* pode ser unha das causas polas que se recolleu un número tan baixo de respostas, fronte ós outros conceptos.

3.1. Formas con destacada presenza (> 15% das respostas) nos 2 países (mapa 3)

Agrupo aquí tres tipos lexicais distintos que comparten un significado 'que non ten o seu espazo ocupado', unha designación obvia para a vaca que non está preñada, pois non contén ningunha cría no útero. Este valor semántico está presente no 17'31% das respostas portuguesas obtidas, fronte a un 60'20% das galegas, e a distribución dos tres tipos léxicos que o encarnan é ben diferente entre si¹⁸.

A resposta *baleira* representa algo máis da metade das designacións recollidas no territorio galego, pero só o 5% das portuguesas, iso si, en sete puntos dos distritos de Braganza e Vila Real, o que evidencia unha continuidade con Galicia, perfectamente observable no mapa. Por contra, no caso de *vazia/vacia*¹⁹ as cifras e porcentaxes xa están algo máis igualladas: 16 respostas (11'59%) para Portugal e 10 para Galicia (5'1% das respostas); existe tamén continuidade xeográfica, entre as formas recollidas no sur de Pontevedra e suroeste de Ourense e dous puntos en Viana do Castelo. Por último, temos que comentar o caso de *livre/libre*. Este tipo designativo, que representa algo máis do 3% das respostas galegas existentes para este concepto, foi recollido en seis puntos, distribuídos nunha zona compacta no sur da provincia de Pontevedra, onde tamén ten moita presenza *vacía*; por contra, o único punto portugués en que se documenta esta resposta é bastante mais central, no distrito de Coímbra.

3.2. Formas con presenza notable nun país, mais minoritarias no outro (mapa 4)

En primeiro lugar, pódese sinalar o tipo *maninha/maniña*, recollido en tres puntos portugueses (dous dos cales están moi próximos á fronteira con Galicia) e dezanove galegos, que supoñen un 9'69% das respostas dese territorio e non están próximos ós rexistros portugueses; en concreto, este tipo ten especial relevancia no extremo nordés galego e no centro da provincia de Pontevedra. A súa interpretación non está exenta de problemas. A xuízo de Cintra (1962), *maninha* é a forma tradicional portuguesa para se referir á vaca que non empreña, que foi desprazada por unha voz *machorra*, procedente do centro da Península Ibérica. No caso que nos ocupa, é evidente que pode haber algunha confusión no informante entre os conceptos 'machorra' e 'alfeira', pero tamén pode tratarse dun corremento semántico, ou ampliación de significado, de tal maneira que *maninha* (ou a súa variante *mania*) acaban por denominar a vaca que non ten crías temporal ou permanentemente.

Do mesmo modo, hai tamén na rede varias respostas do tipo *machorra*²⁰—que, en principio, designaría só a femia estéril—, e que tanto poden ser confusións ou erros de enquisa

18 Ademais, pero presentes só na rede galega (cf. a sección 3.4.), existen *escódiga*, *escueta* e *luega*, ademais do portugués *não tem cria*.

19 Incluído un caso de *anda de vazio*.

20 Desta familia, ademais de *machorra*, presente nos dous países, localízanse na rede as respostas galegas *amachorrada*, *machea* e *machón* e a portuguesa *machorrou*.

coma ampliacións de sentido, ou correntes metonímicas, como foi arriba sinalado e acontece con frecuencia entre estes conceptos, pois o propio Cintra (1962) xa constatou usos de *forra* ou *alfeira* para dar nome á vaca machorra. Como transparente o seu significante, trátase de derivados da forma *macho*; isto é, cualifican a vaca de macho ou afirman que se comporta como un macho, para xustificar que a femia sexa estéril, incapaz de procrear. No que respecta á súa distribución xeográfica, a maioría de rexistros aparecen en Galicia, na zona sur do territorio, pero sen gran continuidade xeográfica, e representan un 7% do total de respostas; en Portugal documéntanse só tres rexistros, nin sequera moi próximos entre si.

Por último, documéntanse dúas variantes dun mesmo significado ‘suxeitar, unir, etc.’, que supoñen un 11’59% das respostas portuguesas, fronte a só un 0’51% das galegas. O único tipo que aparece nos dous territorios é *não/non agarrou*²¹, presente en cinco puntos portugueses (non próximos entre si) e, como segunda resposta, na localidade asturiana de Vilanova de Ozcos. O segundo procedemento, xa exclusivo de Portugal e que representa un 7’97% das respostas, é *não pegou*, designación repartida por todo o territorio, pero con maior densidade no oeste, na provincia histórica da Estremadura.

3.3. Formas minoritarias nos dous países (mapa 4)

Recóllense aquí dous procedementos designativos. O primeiro deles é o tipo *non empreñou*, documentado en catro puntos galegos²² do sur (algo máis do 2% das respostas) e a variante *não ficou prenha*, nunha localidade portuguesa do norte, Arcos de Valdevez (distrito de Viana do Castelo); aínda sen seren totalmente contiguos, existe unha continuidade xeográfica entre as áreas, pois entre o citado Arcos e Padrenda (O-19 no ALGA) hai apenas 30 quilómetros.

Rexístrase tamén o tipo *selleira* –con diferentes variantes, especialmente: *selleira*, *senlleira* e *sinlleira*–, continuador dun lat. SINGULARIA ‘que está soa’, recollido en 9 puntos galegos (4’59% das respostas) e apenas nun portugués²³, nas Terras de Bouro, zona moi próxima á fronteira con Galicia mais, ao mesmo tempo, ben afastada da área galega que presenta resultados do tipo *selleira*, de Santiago de Compostela para o norte. Preto desa localidade portuguesa, hai tres puntos –Barrosas e Sobrado, no distrito de Porto e São Romão da Ucha, no propio distrito de Braga– en que a resposta é unha variante da mesma familia histórica, o adxectivo *singela*, que tamén aparece algo máis ó sur, en Cesar (Aveiro).

Por último, existe tamén a forma portuguesa *desencarreira*, recollida nun punto de Aveiro e noutro de Braga, á que teríamos que emparellar o *perdeu a carreira* que se docu-

21 Nun punto portugués o que se recolleu foi *não ficou agarrada*.

22 En Sanxenxo (Pontevedra), *non colleu preñez*.

23 No cuestionario indicase como información adicional que é para a vaca que non está parida; non foi posible localizar na gravación ese fragmento, para corroborar e ampliar a información.

menta no sur de Lugo. A este tipo lexical asóciáanse outras designacións minoritarias, comentadas na sección 6 do parágrafo seguinte, que comparten un significado similar a 'saír do camiño recto': *desandada*, *errada*, *erreira* e *sendeira*. Sinala o DCECH (s.v. *senda*), a propósito desta última forma, que "*sendeiro* se aplica al caballo o burro viejo y ruín (por ser el traído o llevado por sendas y no por el camino real; secundariamente 'individuo despreciable'); pero en portugués *sendeiro* tamén designa un cabalo máis pequeno e robusto do habitual, usado para o transporte de cargas.

3.4. Formas que só se documentan no material primario dun dos territorios

Son as seguintes: 1. Tipo *alfeira* e derivados²⁴: P 35 (25'36%); 2. Tipo *forra*: P 25 (18'11%). 3. Tipos *maronda* e *marroa*: G 14 (7'14%). 4. Tipo 'non alcanzou, non conseguiu', *não alcançou*: P 4 (2'90%); *não apanhou*: P 2 (1'44%). 5. Construcións sobre o nome do macho: *aboiada*: P 1 (0'72%); *toironda*: P 1 (0'72%); *non quixo boi*: G 1 (0'51%). 6. Tipo 'extraviouse, tomou mal camiño, afastouse': *desandada*: P 1 (0'72%); *errada*: P 4 (2'90%); *erreira*: P 1 (0'72%); *sendeira*: P 1 (0'72%). 7. Tipo 'non encheu': *não encheu*: P 1 (0'72%); *não ficou cheia*: P 1 (0'72%). 8. Tipo 'libre': *escódiga*: G 1 (0'51%); *escueta*: G 2 (1'02%); *luega*: G 1 (0'51%); *não tem cria*: P 1 (0'72%). 9. Outras respostas: *capoa*: P 1 (0'72%); *corrida*: P 2 (1'44%); *espoltrar*: G 1 (0'51%); *marrada*: P 1 (0'72%); *moveu*: P 1 (0'72%); *non colleu o boi*: G 1 (0'51%); *non vale*: G 1 (0'51%); *puta*: G 4 (2'04%); *trasleitada*: G 2 (1'02%); *tresloada*: G 1 (0'51%); *valuta*: G 1 (0'51%); *verroeira*: G 2 (1'44%).

A forma con máis resultados en Portugal, *alfeira*, supón unha cuarta parte das respostas nese país, mentres que está ausente do territorio galego. Non se localiza nos dicionarios e unicamente aparecen un par de rexistros de *alfeirar* e os seus adxectivos participiais, pero co significado de 'alporizado', en textos de rexistro culto²⁵. Trátase dunha palabra de orixe árabe que comparte étimo con *alfeire* 'currel de porcos', con presenza notable en portugués. A súa distribución xeográfica concéntrase no sur de Portugal, nunca máis ó norte do distrito de Santarém, isto é, máis ou menos a extensión de *almece* no estudo de Cintra (1962); seguramente sexa arabismo penetrado no portugués na etapa de expansión ó sur do territorio, o que xustifica a súa ausencia no portugués setentrional e no galego.

A segunda resposta en cantidade no territorio portugués é *forra*, que representa un 18'11% das formas. Neste caso, xa se observa nos dicionarios galegos algunha acepción compatible co concepto que aquí nos ocupa (por exemplo, "horro, libre", no dicionario de Filgueira, Tobío e outros), pero sen chegar a dar unha equivalencia exacta, e tampouco é forma que estea presente nos textos literarios para falar da vaca sen cría. O seu étimo é tamén árabe, proveniente dunha voz que significaba 'libre'. No que respecta á distribución xeográ-

24 *Alfeira* (24), *alfeirada* (1), *alferrei* (1), *alferia* (1), *alfeirona* (1), *alfira* (1), *de alfeiro* (6).

25 Concretamente, en Iglesia Alvariño (1951), tradución de Horacio, e mais en Cabana (1994).

fica, non é tan meridional como *alfeira*, pois o seu núcleo, inda que haxa rexistros máis ó sur, son os distritos de Castelo Branco, Viseu e Guarda; por tanto, pódese supoñer unha cronoloxía anterior a *alfeira* e soste que se mantivo na zona en competencia con outras designacións, sen desprazalas por completo.

Por contra, e xa no territorio galego, cómpre comentar tamén a resposta *maronda*, que representa algo máis dun 5% das designacións galegas, ou por volta do 7%, de incluímos tamén *marroa*. A súa etimoloxía é problemática (cf. DCECH, s.v. *morueco*), e houbo mesmo quen quixo facela vir do lat. MAS, MARIS ‘macho’, o que a aproximaría ás formas do tipo *machorra* que foran comentadas anteriormente. Estas respostas presentan maior vitalidade na metade norte do territorio galego, e fóra do ALEPG tampouco se rexistran resultados noutras pescudas dialectais ou nos dicionarios²⁶. Podería haber dúbidas de se temos que asociarlles a forma *marrada* documentada nun punto de Vila Real, pero o máis probable é que se trate dun participio do verbo *marrar* ‘bater, golpear’, que é aceptable semanticamente.

4. ‘[VACA] QUENTE, SAÍDA’

A vaca aluada é a que está en celo, un período que dura na vaca unhas 12 horas de media e que se repite en promedio cada 21 días, en función, obviamente, da ovulación do animal. Durante o celo, a vaca acepta a monta do touro e, alén de mudanzas físicas (caída na produción de leite, diminución do consumo de comida, inflamación da vulva, etc.), presenta un comportamento peculiar (múa con frecuencia, igual ca un touro, sepárase do grupo, está nerviosa, etc.). Algúns destes fenómenos estarán na base de designacións que comentaremos a seguir.

Con respecto ó material examinado para os dous conceptos anteriores, o número de respostas recollidas para designar a vaca saída é maior, tanto en Galicia coma en Portugal: hai moita máis variedade de tipos, pero menor número de formas en cada un deles. Para un total de 224 designacións obtidas en Portugal e 233 en Galicia, encóntranse 61 procedementos distintos, que, por súa vez, poden clasificarse en trece grandes categorías, mais unha miscelánea: 1. Formados a partir dunha designación para o macho. a) Derivados de *boi*: P 13 (5’8%), G 2 (0’85%)²⁷; b) Derivados de *touro*: P 15 (6’69%), G 19 (8’15%)²⁸; c) Co verbo *andar* e unha designación do macho: P 32 (14’29%) G 39 (16’74%)²⁹; d) Con outros verbos e unha

26 Cándido de Figueiredo ten unha entrada *maronda* “ovelha que se leva ao macho”, aboada nas Terras de Miranda [do Douro].

27 *Aboiar, aboiada*: P 3 (1’34%) G 2 (0’85%); *boiada*: P 1 (0’45%); *boieira*: P 9 (4’01%).

28 *Atorejada*: P 1 (0’45%); *atourada*: G 1 (0’43%); *toureira*: P 1 (0’45%) G 7 (3%); *tourença*: G 1 (0’43%); *tourenta*: P 1 (0’45%); *touronda*: P 12 (5’35%) G 10 (4’29%).

29 *Anda ó almallo*: G 1 (0’43%); *anda ao boi*: P 23 (10’27%) G 26 (11’16%); *anda ao macho*: P 1 (0’45%); *anda ao novillo*: P 1 (0’45%); *anda ao touro*: P 7 (3’13%) G 10 (4’29%); *anda ao xato*: G 2 (0’85%).

designación para o macho: P 2 (0'89%) G 2 (0'85%)³⁰. 2. Sobre *cio*: P 4 (1'79%)³¹. 3. Sobre *cria*: P 6 (2'68%)³². 4. 'deshonesta, lasciva, prostituta': P 3 (1'34%), G 7 (3%)³³. 5. Co verbo *levantarse*: P 11 (4'91%) G 3 (1'29%)³⁴. 6. Sobre *lua*: P 25 (11'16%) G 1 (0'43%)³⁵. 7. Sobre *maré*: P 17 (7'59%)³⁶. 8. Derivados de *natura*: G 4 (1'79%)³⁷. 9. Sobre *quecer*, *quente*: P 6 (3'57%) G 55 (23'60%)³⁸. 10. Sobre *ruína*: P 3 (1'34%)³⁹. 11. Sobre *sair*: P 73 (32'59%) G 80 (34'33%)⁴⁰. 12. Sobre *sazón*: G 15 (6'44%)⁴¹. 13. 'tola, que actúa de modo raro, exaltada': P 12 (5'36%) G 1 (0'43%)⁴². 14. Outras respostas. a) *cachonda*: G 1 (0'43%); b) *corrida*: G 2 (0'85%); c) *de alza*: G 1 (0'43%); d) *machorra*: G 1 (0'43%); e) *mimosa*: P 1 (0'45%).

A maioría dos grupos de procedementos designativos arriba citados son comúns a galego e a portugués, pero se se fai o contraste a un nivel máis preciso, non entre as grandes categorías, senón entre os tipos concretos citados en nota, só 10 dos 61 comparecen nos dous territorios. Adicionalmente, estarían próximas *aluada* (22 ocorrencias en Portugal) e *com a lua* (3 respostas, tamén en Portugal), a *revolve todas as luas*, presente nun único punto galego, do sur do territorio mais non contiguo á zona de respostas portuguesas⁴³; do mesmo modo, tamén existe semellanza entre as lexías galegas *pide o boi* e *quer o macho* e as portuguesas *está ao boi* e *quer toiro*, todas elas recollidas nun único punto das respectivas redes. Comentaranse máis abaixo, pero non se computan nas porcentaxes. Como se indicou, só coinciden 10 dos 61 tipos, o que supón menos un 20% de semellanza en termos absolutos. Porén, se tivermos en conta a vitalidade das designacións agrupadas nos citados grupos, as contas son ben distintas, pois o 79'83% das respostas que se recolleron en Galicia segue algún procedemento que tamén existe en Portugal, mentres que só a metade (49'88%) das formas portuguesas ten correspondencia no territorio galego.

30 Véxase tamén o tipo 10 (*sair*). Está *ao boi*: P 1 (0'45%); *pide o boi*: G 1 (0'43%); *quere macho*: G 1 (0'43%); *quer toiro*: P 1 (0'45%).

31 *Andar ao cio*: P 1 (0'45%); *andar com o cio*: P 2 (0'89%); *ciosa*: P 1 (0'45%).

32 *Anda à cria*: P 5 (2'23%); *anda à criação*: P 1 (0'45%).

33 *Anda puteando*: G 1 (0'43%); *deshonesta*: G 5 (2'15%); *lasciva*: P 3 (1'34%); *zorra*: G 1 (0'43%)

34 *Levantada*: P 4 (1'79%) G 2 (0'85%); *levantar-se ao boi*: P 5 (2'23%) G 1 (0'43%); *levantou-se à criação*: P 1 (0'45%); *levantou-se ao touro*: P 1 (0'45%).

35 *Aluada*: P 22 (9'82%); *com a lua*: P 3 (1'34%); *revolve todas as luas*: G 1 (0'43%).

36 *Com a maré*: P 9 (4'02%); *de maré*: P 7 (3'13%); *maré*: P 1 (0'45%).

37 *Anaturada*: G 2 (0'85%); *naturada*: G 2 (0'85%).

38 *Aquecida*: P 2 (0'89%); *quente*: P 4 (2'68%) G 55 (23'60%).

39 *Arruinada*: P 1 (0'45%); *ruim*: P 2 (0'89%).

40 *Ressaída*: P 20 (8'93%); *sai ao boi*, *saída ao boi*: P 2 (0'89%) G 1 (0'43%); *saída*: P 50 (22'32%) G 79 (33'91%); *sair à cria*: P 1 (0'45%).

41 *De sazón*: G 9 (3'86%); *en sazón*: G 3 (1'29%); *ter sazón*: G 3 (1'29%).

42 *Desouceada*: G 1 (0'43%); *malina*: P 1 (0'45%); *maluca*: P 1 (0'45%); *revoltada*: P 1 (0'45%); *tola*: P 9 (4'02%).

43 Con todo, é unha designación que presenta moitos problemas de interpretación, como abaixo se verá, e sería máis prudente tratalas por separado; aínda que se inclúen todas estas lexías que incorporan a forma *lua* como respostas similares a efectos de comentario, non computan nas porcentaxes.

4.1. Formas con destacada presenza nos 2 países (mapa 5)

Inclúese aquí o tipo *sáida*, participio do verbo *sair*, que representa case a cuarta parte das respostas portuguesas e un terzo das galegas; en concreto, 50 rexistros en Portugal (22'32% das formas) e 79 en Galicia (33'91%), ás que tamén se podería unir o tipo máis concreto *sai ao boi*, *sáida ao boi*. Nunha área moi compacta de Portugal, na que apenas hai outras respostas, de Grândola e Beja ata Faro, domina a variante *ressáida*, recollida en 20 puntos, que representa algo menos do 9% das designacións obtidas. A respecto da súa distribución xeográfica, pódense retomar algúns apuntamentos feitos anteriormente para *abortar*. En efecto, como nese caso, é tamén curioso que, con excepción de tres puntos, case fronteirizos, estea ausente *sáida* do norte de Portugal, sendo, como é, unha resposta tan común en Galicia, tamén no sur, mentres que reaparece un cento de quilómetros máis abaixo, nunha extensa área continua que comeza xa na Guarda e Aveiro e se estende para o meridión. A razón é que ocupan esa área os tipos *anda ao boi* (en menor medida, *anda ao touro*) e *touronda*, que serán comentadas a seguir.

4.2. Formas con presenza notable, equilibrada nos dous países (mapa 6)

Pertencen a este grupo os tipos *touronda* (presente en 12 puntos portugueses e 10 galegos, 5'35% e 4'29%, respectivamente, das respostas) e *anda ao boi* (localizado en 23 puntos en Portugal e 26 en Galicia, 10'27% e 11'26%), ó que se pode sumar *anda ao touro*, máis minoritario, 10 puntos en Galicia e 7 en Portugal, entre un 3 e un 4% das respostas.

Con algún baleiro e un punto adicional no centro de Galicia, a distribución de *touronda* segue un patrón tamén observado noutras palabras: esténdese de norte a sur pola faixa oriental dos dous territorios, desde Viveiro a Castelo Branco, onde finaliza abruptamente⁴⁴. O seu modelo é radicalmente distinto ó de *tourreira*, que se comentará máis abaixo, pero non moi diferente da distribución de *anda ao touro*, aínda máis oriental e con algo menos de vitalidade. Porén, a variante *anda ao boi* ten maior presenza na rede e xa non garda esa distribución oriental, senón que se concentra en diferentes áreas, sobre todo na metade sur de Galicia e norte de Portugal, non máis abaixo da Guarda e Tondela; isto é, a súa área ten algo menos de extensión cá de *touronda*. Por último, existe unha resposta semellante ás anteriores, *está ao boi*, que só aparece nun punto portugués, Pitões das Júnias, moi próximo á fronteira galega.

4.3. Formas con presenza notable nun país, máis minoritarias no outro (mapa 7)

A denominación *quente* representa case unha cuarta parte das designacións galegas: recolleuse en 55 ocasións, o que supón un 23'60% das respostas, fronte a só 4 puntos portugueses, que serían 6, un 2'57% das respostas lusas, de termos tamén presentes os dous

44 No congreso da *Sociedade Internacional de Dialectoloxía e Xeolingüística* celebrado en Maribor (Eslovenia) en setembro de 2009 tiveron a ocasión de presentar un estudo comparativo de nomes de plantas e árbores entre Galicia e Norte de Portugal. A versión escrita do traballo está aínda en preparación.

aquecida recollidos na nosa rede. A distribución xeográfica non concorda: en Galicia é forma do centro e do sur do territorio, mentres que en Portugal a área está ben lonxe da fronteira galega, concentrada entre Coimbra e Alcobaca, coa excepción dun punto portalegrense.

Aluada (á que sumamos 3 rexistros de *com a lua*) supón algo máis dun 10% das respostas portuguesas, nunha ampla área localizada no centro e sur do territorio, de Viseu para o sur, con especial incidencia de Santarém a Beja. Por contra, segundo os datos da rede aquí manexada, non aparece en Galicia ningunha referencia á lúa, a non ser nun único punto, case na fronteira con Zamora e Portugal, Robledo (Carballeda de Valdeorras), en que se recolleu *revolve todas as lúas*, en co-ocorrência co tipo *anda ó touro*. Porén, non queda claro o significado desta oración; parece que se refire á frecuencia do celo, isto é, que a vaca, periodicamente e coincidindo coas fases da lúa⁴⁵, *revolve*. De feito, parece autorizar esta lectura que Pereda (1953, s.v. *revolver*) documente en Verín tal verbo, que define como: “andar deshonesta una cerda, yegua, etc. por no haber quedado preñada la primera vez”. Non documentamos nos dicionarios ou na literatura galega consultada que exista *aluada* para a vaca en celo. A única referencia específica ó gando aparece nas papeletas do Padre Sobreira (s.v. *aluado, -da*), como termo recollido en Ribadavia: “el ganado capado en creciente, que suele no quedar bueno”; esta acepción foi mal copiada (omitiuse o *no*) no dicionario da Real Academia Galega e, a partir de aí, perpetuouse a definición defectuosa en varias obras posteriores.

4.4. Formas minoritarias nos dous países (mapa 7)

O primeiro dos tipos que se comentarán é *aboiada*, derivado de *boi*, formado directamente ou a través do verbo *aboiar*, recollido en dous puntos galegos e outros catro portugueses. En Portugal hai mais continuidade xeográfica, pois tres das ocorrencias están situadas bastante próximas, entre os distritos de Aveiro e Porto; pero en Galicia a distancia entre eles é tres veces maior, máis de 100 km. Podemos asociarlle outro derivado de *boi*, *boieira*, que aparece en nove puntos portugueses, pero en ningún galego, como tamén non comparece con este significado nos dicionarios e textos consultados. Por contra, a forma *toureira*, acuñada sobre outra designación para o macho, presenta un patrón claramente fronteirizo, pois comparece en sete puntos galegos do extremo meridional da provincia de Pontevedra e só un portugués (alternando con *saída*), Bade, situado a só cinco quilómetros da fronteira. Están próximos a esas áreas o *tourenta* de Castelo de Neiva, no mesmo distrito có anterior, e os galegos *tourenza* e *atourada*, no sur de Ourense; confróntese tamén esta distribución coa de *touronda* (cf. apartado 4.2.).

O segundo grupo abrangue as respostas *levantada* e *levantar-se ao boi*, que supoñen nove puntos portugueses e tres galegos. Neste caso é tamén evidente a contigüidade das res-

45 É ben coñecida a importancia atribuída á lúa como factor que condiciona o comportamento de persoas e animais, crenza que se lexicalizou en innúmeras ocasións (véxase o propio adxectivo *lunático*).

postas, pois os puntos portugueses están concentrados no noroeste do territorio, mentres que os tres rexistros galegos se sitúan en localidades próximas á liña de fronteira: Salceda de Caselas, Pontearreas e Mondariz. Con todo, non son contiguas, pois inda que só hai 25 km de distancia a Castro Laboreiro, o punto luso máis setentrional en que se recolleu esta resposta, a separación xa se triplica ata Gondomar das Taipas, límite norte da área máis compacta. Tamén no norte do territorio portugués temos *levantou-se à criação* e *levantou-se ao touro*.

4.5. Tipos que só se documentan no material primario dun dos territorios

Son as seguintes: 1. Formados a partir dunha designación para o macho. a) Derivados de *boi*: P 13 (5'8%), G 2 (0'85%)⁴⁶; b) Derivados de *touro*: P 15 (6'69%), G 19 (8'15%)⁴⁷; c) Co verbo *andar* e unha designación do macho: P 32 (14'29%) G 39 (16'74%)⁴⁸; d) Con outros verbos e unha designación para o macho: P 2 (0'89%) G 2 (0'85%)⁴⁹. 2. Sobre *cio*: P 4 (1'79%)⁵⁰. 3. Sobre *cria*: P 6 (2'68%)⁵¹. 4. 'deshonesta, lasciva, prostituta': P 3 (1'34%), G 7 (3%)⁵². 5. Co verbo *levantar-se*: P 11 (4'91%) G 3 (1'29%)⁵³. 6. Sobre *lua*: P 25 (11'16%) G 1 (0'43%)⁵⁴. 7. Sobre *maré*: P 17 (7'59%)⁵⁵. 8. Derivados de *natura*: G 4 (1'79%)⁵⁶. 9. Sobre *quecer*, *quente*: P 6 (3'57%) G 55 (23'60%)⁵⁷. 9. Sobre *ruína*: P 3 (1'34%)⁵⁸. 10. Sobre *sair*: P 73 (32'59%) G 80 (34'33%)⁵⁹. 11. Sobre *sazón*: G 15 (6'44%)⁶⁰. 12. 'tola, que actúa de modo raro, exaltada': P 12 (5'36%) G 1 (0'43%)⁶¹. 13. Outras respostas. a) *cachonda*: G 1 (0'43%); b) *corrida*: G 2 (0'85%); c) *de alza*: G 1 (0'43%); d) *machorra*: G 1 (0'43%); e) *mimosa*: P 1 (0'45%).

De todos os existentes, comentaranse neste apartado apenas catro procedementos de creación.

46 *Boiada*: P 1 (0'45%); *boeira*: P 9 (4'01%).

47 *Atorejada*: P 1 (0'45%); *atourada*: G 1 (0'43%); *tourenca*: G 1 (0'43%); *tourenta*: P 1 (0'45%).

48 *Anda ó almallo*: G 1 (0'43%); *anda ao macho*: P 1 (0'45%); *anda ao touro*: P 7 (3'13%) G 10 (4'29%).

49 *Está ao boi*: P 1 (0'45%); *pide o boi*: G 1 (0'43%); *quere macho*: G 1 (0'43%); *quer touro*: P 1 (0'45%).

50 *Andar ao cio*: P 1 (0'45%); *andar com o cio*: P 2 (0'89%); *ciosa*: P 1 (0'45%).

51 *Anda à cria*: P 5 (2'23%); *anda à criação*: P 1 (0'45%).

52 *Anda puteando*: G 1 (0'43%); *desonesta*: G 5 (2'15%); *lasciva*: P 3 (1'34%); *zorra*: G 1 (0'43%)

53 *Levantou-se à criação*: P 1 (0'45%); *levantou-se ao touro*: P 1 (0'45%).

54 *Aluada*: P 22 (9'82%); *com a lua*: P 3 (1'34%); *revolve todas as luas*: G 1 (0'43%).

55 *Com a maré*: P 9 (4'02%); *de maré*: P 7 (3'13%); *maré*: P 1 (0'45%).

56 *Anaturada*: G 2 (0'85%); *naturada*: G 2 (0'85%).

57 *Aquecida*: P 2 (0'89%).

58 *Arruinada*: P 1 (0'45%); *ruim*: P 2 (0'89%).

59 *Ressaída*: P 20 (8'93%); *sair à cria*: P 1 (0'45%).

60 *De sazón*: G 9 (3'86%); *em sazón*: G 3 (1'29%); *ter sazón*: G 3 (1'29%).

61 *Desouceada*: G 1 (0'43%); *malina*: P 1 (0'45%); *maluca*: P 1 (0'45%); *revoltada*: P 1 (0'45%); *tola*: P 9 (4'02%).

Un primeiro grupo de catro respostas, lusitanas, fórmase sobre *cio*, o celo da vaca; son elas *andar ao/com o cio* e *ciosa*. Non gardan unha distribución xeográfica concreta, pois documéntanse desde terras lisboetas a bracaraenses. Na primeira edición do dicionario de Carré Alvarellos si que se documentaba *cio* como “deseo sensual de los animales”, pero fóra diso, tivo pouco éxito na lexicografía clásica do galego ou nos textos literarios.

O segundo grupo está tamén constituído por respostas lusas, un total de sete, referentes todas elas á reprodución: *anda à cria*, *anda à criação*, *levantou-se à criação*. A primeira lexía é a máis numerosa e interesante para os nosos propósitos, pois documéntanse cinco casos, todos eles en terras do distrito de Braganza, dos cales un a menos de 10 km da fronteira galega e tamén de Hermisende. Existen *criazón* e *criación* no galego, ademais de *creación*, con diferentes valores que orbitan ó redor dos verbos *crear* e *criar*, pero sen referencias concretas ó animal que está en celo. Varias das fontes que recollen estas lexías testemuñan a súa vitalidade no sueste do territorio galegófono, moi próximos, por tanto, dos puntos portugueses. Por exemplo, sinala Reguera (s.v. *crianza*) que este termo designa “los prados, pastos, y demás tierras aplicadas a la cría y sustento de los ganados (Remesar, Tabeirós). Hacia la Puebla de Sanabria he oído llamar a esto *recriazón*, pero se me figura que estará mejor dicho *creazón*, pues así la voz queda más castellanizada”; outro exemplo é o *creación* “crianza” recollido na Gudiña (GVGH, s.v.).

O terceiro grupo de designacións, o que conta con máis vitalidade dos representados nesta sección, inclúe 17 respostas do tipo *com a maré* ou *de maré*, que supoñen case o 8% das formas portuguesas, concentradas na parte meridional do territorio, con especial prevalencia nos distritos de Lisboa e Faro. Na base destas denominacións estará seguramente que a marea determina os tempos de pesca ou as rutas das embarcacións, razón de expresións como *a favor da maré*, ou outras máis xenéricas, como (*não*) *estar de maré* “estar bem ou mal disposto” (Cândido de Figueiredo, s.v. *maré*), perfectamente aplicables para sinalar se unha vaca está en celo ou non. Téñase presente tamén outro derivado de *mar*, o verbo *marear(se)*, que conta entre os seus significados o de estar perturbado, desorientado, alterado, como está a vaca co celo.

No cuarto grupo de designacións inclúense catro respostas galegas formadas sobre *natura*, a denominación máis frecuente para a vulva da vaca, coñecida en toda Galicia; loxicamente, o vínculo semántico vén dado pola inchazón e lubricación dos xenitais durante o período do celo. A forma (*a*)*naturada* é eminentemente oriental e, de feito, tres dos catro puntos en que se rexistra están fóra do territorio administrativo galego. Non se rexistra tal forma nas teses e dicionarios portugueses consultados.

5. ‘CUBRIR’

Por último, coméntanse aquí as designacións para a acción de copular o touro e a vaca, acto que se realiza durante o período de celo que se analizou na epígrafe anterior. Varios informantes

distinguiron ata tres momentos no proceso: o salto do touro, a monta e o instante da fecundación, distinción que implica con frecuencia unha certa graduación nas respostas (por exemplo, *saltar* > *montar* > *coller*) e a presenza de dous ou máis resultados no mesmo punto. Porén, por non estar marcada sistematicamente esta distinción, non se tivo en conta neste estudo.

Para designar este concepto, recolléranse 40 procedementos designativos distintos, dos cales 21 foron documentados en territorio portugués (para un total de 179 respostas) e 26 en Galicia (contabilizando 249 respostas). Deses mecanismos, apenas 7 son comúns ós dous países, pero agrupan unha porcentaxe de respostas moi elevada, especialmente no caso de Portugal: 87'16% das respostas portuguesas e 71'47% das galegas.

5.1. Formas con destacada presenza nos dous países (mapa 8)

É o caso do verbo *cobrir/cubrir*, continuador do lat. COOPERIRE, recollido en 134 ocasións (o 74'86% das respostas) en Portugal e só en 65 casos (un 26'10% dos datos totais) en Galicia. No territorio luso, esta resposta está distribuída de modo homoxéneo por todo o país, mentres que en Galicia é unha designación maioritariamente da metade sur; a diferenza do que acontecía con *abortar* ou *saída*, anteriormente comentados, non existe aquí ruptura entre Galicia e norte de Portugal. Ás respostas galegas cumpriría sumar os casos de *botar unha cuberta* –tres rexistros concentrados no extremo nororiental do territorio galegófono mais un no norte de Pontevedra– e *estar cuberta* –nun punto coruñés, inda que tamén aparece noutros lugares co valor específico de ‘estar preñada’. Se ben non é da mesma familia, semanticamente está relacionado o *tapar* que aparece en tres puntos alentejanos.

5.2. Formas con destacada presenza nun país, mais minoritarias no outro (mapa 9)

Encádrase claramente nesta categoría o verbo *montar*, que supón máis dun terzo das respostas galegas, repartidas equilibradamente polo territorio, pero que só apareceu nun único punto portugués que, ademais, non está nin sequera próximo da liña de fronteira, pois documéntase en Carvoeiro, freguesía de Macinhata do Vouga, distrito de Aveiro. Porén, esta acepción non está ausente dos dicionarios portugueses, pois o Moraes, nas edicións máis recentes, inclúe como un dos valores de *montar* o de “praticar o coito”, acoutado, iso si, a un rexistro definido como groseiro e inculto.

5.3. Formas minoritarias nos dous países (mapa 9)

En primeiro lugar, comentaranse dous derivados dalgunha das designacións existentes para o animal adulto⁶², un procedemento previsible para un concepto deste tipo. O verbo

62 A carón destas formas, teríamos que tratar tamén o *almallar* galego, recollido en tres puntos setentrionais, pero non documentado en Portugal.

aboiar aparece só nun punto portugués, fronte a sete galegos. Non se pode falar realmente de contigüidade, nin tampouco dunha proximidade destacada, pois inda que a resposta portuguesa se documentou en Fornelos, nos arredores de Ponte de Lima, a 30 km da fronteira, os rexistros galegos concéntranse no norte da provincia de Pontevedra e sur da Coruña, con dúas excepcións, unha en terras ferrolás e outra, máis veciña a Portugal, en Ramirás, a apenas 15 km do territorio luso, pero a case 70 km do Fornelos antes citado. Os derivados de *touro* contan con catro rexistros en Portugal e outros cinco en Galicia (2'24% e 2% das respostas, respectivamente), distribuídos nunha área menos dispersa có tipo anterior. Na república lusa documentamos tres rexistros de *tourar* moi ó norte, en Santo André, Pitões das Júnias e Covas de Barroso, todos eles pertencentes ó distrito de Vila Real, mentres que hai un *atourar* moito máis ó sur, nun punto da Guarda. Por contra, en Galicia a forma máis meridional é precisamente ese *atourar*, documentado en Calvos de Randín (tamén aparece en Cabo de Cruz, Boiro), case sobre a liña de fronteira e contiguo ós tres *tourar* portuguesas; está tamén moi próximo a Portugal o *tourear* recollido en Xinzo de Limia. As outras respostas galegas son *torear* e *entourar*, nos concellos lugueses da Pastoriza e Sober.

Unha vitalidade similar é a do tipo *saltar*, que aparece en sete puntos galegos e noutros tantos en Portugal (2'81 e 3'91% das respostas, respectivamente). Ás respostas galegas deberíamos sumar varias lexías compostas, recollidas en un ou dous puntos da comunidade (un total de 8 ocorrencias): *botar un brinco*, *botar un salto*, *dar o salto* e *pegar un salto*. Como se observa no mapa, pódese falar tamén dunha certa continuidade galega-portuguesa, pois existe unha área formada por tres rexistros de *saltar* no extremo norte de Portugal e catro no sur de Galicia.

A designación *castiçar/castizar*, aínda que minoritaria en calquera dos dous territorios, está desequilibrada, pois aparece en oito puntos portugueses, por só un galego. Tampouco existe contigüidade territorial, xa que en Portugal aparecen no centro e sur do país, mentres que en Galicia o único punto documentado está en Carballo. No que respecta ó galego, é certo que é voz ben presente en dicionarios, e tamén en teses dialectais, pero normalmente está referida ó porco, cando o uso portugués é máis xeral.

Por último, tamén existe a resposta *agarrar*, existente só en dous lugares da rede examinada no presente artigo, un galego e outro portugués, pero separados apenas por 35 quilómetros: Porto en Zamora e Rio de Onor en Braganza. Polo significado, cumpriría asociarlle outras designacións con significado similar ('apañar, acadar, conseguir,...'), como son *alcançar* (1 punto portugués), *coller* (presente en 16 puntos galegos, e comentada máis abaixo), *pillar* (1 punto galego) ou *tomar*. Este último documéntase na nosa rede unicamente nun punto portugués, moi ó norte (Castro Laboreiro), pero non está ausente tampouco de Galicia, pois localizouse en Guntín co significado que aquí nos ocupa: "cubrir el toro a la vaca" (GVGH, s.v.).

5.4. Tipos que só se documentan no material primario dun dos territorios.

Examinaranse unicamente os tres casos que, pola súa vitalidade, son relevantes para o presente estudo. O primeiro deles é o tipo *coller*, xa referido. Comparece en 16 puntos

da Galicia administrativa e exterior (un 6'46% das respostas, por tanto); destes, 13 sitúanse na metade sur do territorio, dos cales seis están a menos de 50 quilómetros da fronteira con Portugal, onde non aparece, polo menos nos dicionarios consultados, referencia do uso desta palabra con tal acepción.

O segundo caso é o de *servir*, documentado en 7 puntos da rede galega. A súa distribución xeográfica é moi curiosa, inda que xa tivemos ocasión de ver comportamentos similares noutras palabras galegas: practicamente unha estreita faixa desde A Veiga, en Asturias, ata Cervantes, en Lugo, reaparecendo uns quilómetros máis abaixo, en Viana do Bolo.

Por último, o caso máis destacado é o doutra designación eufemística, *traballar*, que aparece en 17 puntos galegos da nosa rede (representa case o 7% das respostas), pero está ausente das localidades lusitanas investigadas. A gran maioría das formas concentrouse no norte do país, só hai dous rexistros próximos á fronteira portuguesa, Castrelo do Val e Bande, na provincia de Ourense. No material portugués consultado non atopo referencias de tal valor semántico.

6. COMENTARIO DOS DATOS NO SEU CONXUNTO

Tal e como se sinalaba no inicio, o obxecto do traballo era o estudo da distribución xeográfica de léxico patrimonial en terras galegas e portuguesas, con vistas a examinar as respostas comúns ós dous territorios e, especialmente, determinar a existencia de áreas lexicais transfronteirizas.

6.1. Diversidade de respostas

No que respecta ás respostas coincidentes entre Galicia e Portugal, os tipos designativos comúns son poucos. Neste traballo recolleuse un total de 167 procedementos distintos para dar conta dos catro conceptos aquí estudados, pero apenas 30 deles (un 17'26%) están presentes nos dous territorios. Esta separación, aparentemente tan grande, non é tal se se ten en conta a vitalidade dos citados procedementos, pois case todos os tipos designativos importantes cuantitativamente están representados en ambos os dous países. Con diferente vitalidade, iso si. Galicia conta con máis respostas, tanto en número absoluto coma en tipo⁶³, que Portugal, pero case catro quintos das formas recollidas na rede galega teñen equivalente en territorio portugués; por contra, o normal en Portugal é que só a metade das formas presentes no país conte con correspondencia do outro lado da Raia. En concreto, das 880 respos-

63 É normal que a lingua estándar portuguesa, dotada dun prestixio que non ten o galego, axudase a nivelar algunhas respostas, pero lémbrese que xa se sinalou que este tipo de conceptos son bastante impermeables a estas influencias. Seguramente a maior diversidade formal en Galicia sexa debida a factores técnicos: a rede do ALGA ten aproximadamente o triple de densidade do que a do ALEPG, polo que quedan máis tipos de resposta dentro da peneira.

tas recollidas no territorio galegófono entrevistado, o 77'95% delas estaba presente tamén, en maior ou menor medida, en Portugal; pola contra, nese país só o 55'96% das 722 formas teñen un equivalente en terras galegas⁶⁴.




Figura 1. Porcentaxe de respostas que teñen un equivalente no país veciño. A primeira columna representa as formas galegas que tamén existen en Portugal e a segunda columna aquelas respostas portuguesas que están presentes en Galicia.

Obviamente, para un exame completo das respostas sería necesaria unha análise histórica demorada, ademais dun estudo dialectal peninsular que revelase cales e cantas das formas aquí comentadas están presentes noutras zonas da Iberorromania. Por razóns de espazo, non me deteño aquí a confrontar sistematicamente as designacións galego-portuguesas coas presentes no resto da Península Ibérica, verificación que terá que ser obxecto doutro artigo, que informe sobre a dinámica das formas e dea información sobre unha eventual continuidade das respostas aquí examinadas no territorio español, vía de penetración de moitas denominacións no portugués e no galego (se ben que, como é natural, nesta segunda lingua a súa influencia sexa máis presente e constante ó longo da historia, incluíndo o momento actual). Dubert e Sousa fixeron no 2009, a partir do seu traballo do 2002, un traballo semellante: complementar os datos do ALPI cos dos diferentes atlas rexionais, máis minuciosos na súa rede e, por tanto, máis rigorosos na descrición da realidade lingüística.

Con todo, pódense facer algunhas consideracións ó respecto. Non se afastan as tendencias aquí presentadas do que xa detectaran anteriores traballos contrastivos de léxico patrimo-

64 Obviamente, as porcentaxes citadas no presente artigo son aproximadas, pois ademais de circunstancias técnicas, como o redondeo, xa se viu que hai casos dubidosos que poderían ser considerados ou non, e, en calquera caso, cada palabra ten a súa propia historia. Por tanto, máis que discutir sobre se a semellanza entre galego e portugués en tal concepto é dun 60 ou dun 65%, hai que examinar tendencias e comportamentos.

nial, que revelaron que, en xeral, o galego e o portugués setentrional, especialmente o costeiro, conservan léxico máis antigo, mentres que o resto do portugués é máis receptivo a innovacións, compartidas normalmente polo centro e o sur da Península. Esta circunstancia obsérvase perfectamente, para conceptos relacionados, nalgúns dos mapas do ALPI editados por Dubert e Sousa (2009): os continuadores do latín MULGERE quedan nos dous lados da Península (sobre todo NO e NE), mentres que *ordeñar/ordenhar* ocupan o centro do territorio; a forma *ubre* vai sendo substituída progresivamente por *amojo* no centro e sur de Portugal; o temperán *cabrito* é suplantado polo tipo *chivo*; o *año*, hoxe conservado en case toda Galicia e noroeste de Portugal, viu a súa área recortada por *cordeiro* e, despois, por *borrego*; o latino *espiga* vai sendo suplantado, incluso en terras galegas, polo híbrido romance-árabe *mazaroca*, etc. Mención especial merece o maior peso dos arabismos na lingua portuguesa, especialmente no centro e sur do territorio; téñanse presentes, a ese respecto, *alfeira* e *forra*, que representan entre as dúas case a metade das respostas portuguesas para a vaca que non ten crías.

Tal e como sinalaba Cintra (1962: 307):

A oposição entre um Portugal permanentemente povoado, ocupado por uma população que, na sua maior parte, tem raízes muito antigas na terra em que habita, população fundamentalmente avessa a inovações, e um Portugal repovoado nos séculos XII e XIII — o Portugal de colonização (79) — ocupado nessa época relativamente tardia por uma população de várias proveniências que nele se misturou em localidades fundadas de novo ou totalmente reorganizadas, população propensa a criar ou a admitir formas de viver e de falar novas ou modificadas, tem sem dúvida consequências da maior importância. É ela que me parece estar na base de um dos traços essenciais — talvez o mais significativo — na estruturação lexical do território português.

6.2. Distribución areal

No que respecta ás áreas lexicais estudadas neste traballo, a situación é moi heteroxénea. Aínda que existan tendencias xerais, corrobórase a afirmación clásica dos estudos dialectais de que cada palabra ten a súa propia historia. Evidentemente, tamén existen diferentes modos de agrupar as respostas; aquí optouse por combinar dous parámetros complementarios, a posible continuidade de áreas entre Galicia e Portugal e o papel da liña de fronteira política en determinar rupturas nestas zonas.

Con respecto ó primeiro parámetro, non sorprende que a maioría de coincidencias do galego o sexan co portugués do norte, ata o Douro ou, incluso, ata o Mondego. No segundo eixo apréciase ben que existen casos en que unha designación se difunde nunha área máis ou menos continua, con independencia da liña de fronteira, coma outros en que a Raia (ou, máis ben, as súas implicacións durante tantos séculos) supón un freo ou unha ruptura dunha zona compacta, Do mesmo modo, obsérvase que a liña de fronteira política non é case nunca

barreira rixida, pois é habitual que unha designación penetre uns quilómetros no territorio veciño, aínda que deteña logo a súa expansión.

Centrándonos nas formas comúns a Galicia e Portugal, e desbotando aquelas formas que aparecen esporadicamente, sen conformar área en ningún dos dous territorios, podemos distinguir seis grandes modelos, que aínda contan con algunha subdivisión adicional.

A. Designacións existentes en toda a faixa

A.1. Con continuidade entre Galicia e Portugal

Inclúese aquí só a resposta *cubrir* (mapa 8), que se estende sen saltos de Faro a Cabo Ortegal, aínda que con menos densidade na metade norte galega.

A.2. Sen continuidade entre Galicia e Portugal

Seguen este modelo os tipos *abortar* (mapa 1) e *saída* (mapa 5), respostas de moita vitalidade en calquera dos dous países, pero que non presentan, como no caso anterior, unha área continua de norte a sur, senón que a aparición de procedementos designativos máis modernos suplantou a forma tradicional existente na zona fronteiriza e cortou a continuidade entre os dous países, se ben que, como xa se sinalou e se repetirá máis abaixo, a dita fractura non coincide ó cen por cen coa fronteira política.

B. Formas de gradualidade decrecente norte-sur

B.1. Con continuidade entre Galicia e Portugal

B.1.1. Tipos presentes na maioría de Galicia e no norte (ou centro-norte) de Portugal

O tipo *baleira* (mapa 3) representa a metade das respostas galegas, distribuído homoxeamente polo territorio, pero en Portugal só se recolleu en sete puntos do nordés, próximos todos eles á fronteira con Galicia. Por contra, cunha vitalidade semellante nos dous países temos a lexía composta *anda ao boi* (mapa 6), localizado en 23 puntos portugueses do terzo norte do país e 26 galegos, case todos do centro e sur.

No mapa 9 recóllese o tipo *saltar*, pouco presente na rede e tamén máis irregularmente distribuído, aínda que si existe continuidade galego-portuguesa na zona oriental, entre os puntos do extremo sueste ourensán e os trasmontanos, o que o achega ó modelo comentado en B.1.2.

B.1.2. Tipos eminentemente orientais nos dous territorios

Trátase dos tipos *anda ao touro* e *touronda*, cartografados todos no mapa 6 e que seguen un patrón moi semellante: distribúense nunha estreita faixa no extremo leste de Galicia e Portugal. O primeiro tipo dos tipos é máis oriental e cunha área menor, mentres que *touronda* aparece desde Cervo (norte de Lugo) ata Idanha-a-Nova, formando practicamente un rectángulo de case 500 km de longo e 50 de largo.

B.1.3. Tipos presentes no sur de Galicia e no norte (ou centro-norte) de Portugal

B.1.3.1. Áreas eminentemente transfronteirizas

Inclúese aquí aquelas formas que se distribúen esencialmente ó redor da liña de fronteira entre Galicia e Portugal, ben que poida haber algún desvío esporádico.

No caso de *toureira* (mapa 7) existen sete rexistros nunha zona moi compacta do sur da provincia de Pontevedra, mentres que do outro lado da Raia só hai un caso, e a menos de

cinco quilómetros da fronteira. No mapa 9 observamos o tipo (*a*)*tourar*, que ten sete rexistros (tendo en conta todas as variantes) na nosa rede; destes, cinco sitúanse nunha área moi compacta a un e outro lado da Raia, entre Cabeceiras de Basto e Xinzo de Limia, mentres que outros dous, un galego e outro portugués, aparecen moi lonxe, un no Barbanza e outro no distrito da Guarda.

B.1.3.2. Outros modelos de distribución

Sen que haxa unha discontinuidade grande, como no modelo A2, e, moito menos, como en B2, si que existen algunhas respostas que están presentes en Galicia e no norte de Portugal, pero con moita menos densidade na zona de fronteira. É este o caso de *vacía* (mapa 3), que se concentra en Galicia no Baixo Miño pontevedrés e Limia ourensá, lindando cos dous rexistros de *vazia* no distrito de Viana do Castelo, que ficán lonxe do resto dos testemuños portugueses, bastante illados no territorio. Do mesmo modo, o tipo *levantar* (mapa 7) está presente en tres puntos galegos do sur da comunidade e nove portugueses, dos cales un, Castro Leboreiro, sitúase case sobre a liña de fronteira, mentres que os outros xa están a 60 km ó sur.

Un caso distinto é o da resposta *non empreñou* (mapa 4), que se documenta en catro puntos do sur de Galicia, bastante separados entre si, pero só nun portugués, Arcos de Valdevez, a menos de 30 km da fronteira.

B.2. Sen continuidade entre Galicia e Portugal

Trátase de formas existentes nos dous territorios, pero máis presentes en Galicia, mentres que en Portugal aparecen case sempre en puntos illados do centro e do sur.

O tipo *quente* (mapa 7) representa case unha cuarta parte das designacións galegas, inda que é practicamente descoñecido no occidente; en Portugal non se coñece no norte, só hai unha área pequena de catro puntos ó redor de Leiria e outro máis en Portalegre.

Outras catro designacións que aquí se agrupan aínda teñen menos fortuna na parte meridional da rede. No mapa 2 aparece a resposta *malparir*, recollida en 62 puntos galegos, sobre todo no oeste do territorio, e que, deixando á parte a variante *desparir*, non existe na rede portuguesa, a non ser en Barrancos, distrito de Beja, localidade lindeira con España e moi vinculada cultural e lingüísticamente ás terras estremeñas e andaluzas. A forma *libre* (mapa 3) documentouse en seis puntos galegos do sur da provincia de Pontevedra, por só un en Portugal, en terras de Coímbra. No mapa 4 obsérvase *machorra*, con 12 rexistros en Galicia, sobre todo no oriente, e tres respostas isoladas en Portugal, unha no distrito de Porto, outra en Viseu e a última en Portalegre. *Montar* (mapa 9) é unha resposta ben coñecida en toda Galicia, pero na nosa rede só aparece nun punto portugués, no concello de Águeda, distrito de Aveiro, ben lonxe, por tanto, da fronteira.

Afástase un pouco do modelo anterior o tipo *selleira* (mapa 4): en Portugal aparece unicamente –en tres puntos dos arredores documéntase *singela*, variante histórica– en S. Romão da Ucha, localidade moi próxima á fronteira con Galicia, pero que está ben lonxe dos nove puntos galegos con esta resposta, no norte das provincias da Coruña e Lugo, ademais dun rexistro en Santiago de Compostela, un pouco illado dos anteriores.

C. Formas de gradualidade decrecente sur-norte

C.1. Con continuidade entre Galicia e Portugal

O tipo *mover* (mapa 2) conta con destacada vitalidade en territorio portugués, pois está presente en dúas grandes zonas en Portugal, nun total de 47 puntos; por contra, para o galego só aparece en Hermisende, Zamora, a 6 quilómetros da Raia.

C.2. Sen continuidade entre Galicia e Portugal

O tipo *castiçar* non forma unha área ben definida, pero si que ten prevalencia no sur de Portugal, mentres que só se recolle unha vez nos datos galegos, en Sísamo (Carballo), moi ó norte, por tanto.

BIBLIOGRAFÍA

- ALEA = Alvar, Manuel (dir.) (1961-1973): *Atlas lingüístico y etnográfico de Andalucía*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- ALGa = García, C. / Santamarina, A. (dirs) (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [ata o momento apareceron cinco volumes: 1. Morfoloxía verbal. 2. Morfoloxía non verbal. 3. Fonética. 4. Tempo atmosférico e cronolóxico. 5. O ser humano (I)]
- ALPI = Consejo Superior de Investigaciones Científicas (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Vol. I, Fonética, 1. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. [É o único volume publicado desta obra ata o momento; unha equipa de traballo coordinada polo CSIC está a traballar na edición dos materiais inéditos]
- Álvarez, Xosé Afonso (2010): *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez, Xosé Afonso e Saramago, João (no prelo): “Áreas lexicais em zona de fronteira: um olhar de síntese para a/da raia luso-espanhola na zona da Extremadura”, en Juan M. Carrasco *et alii* (eds.): *Actas de “Al límite”. 1º Congreso de la Sociedad Extremeña de Estudios Portugueses y de la Lusofonía (Cáceres, 5-6 de noviembre de 2009)*.
- Cabana, Darío Xohán (1994): *O cervo na torre*. Vigo: Xerais.
- Carré Alvarelos, Leandro (1972⁴): *Diccionario galego-castelán*. Santiago de Compostela: Velograf. [1ª ed. 1928-1931].
- Carvalho, José Gonçalo Herculano de (1953): *Coisas e palavras. Alguns problemas etnográficos e lingüísticos relacionados com os primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica*. Coimbra, separata de *Biblos*, vol. XXIX.
- Cintra, Luís F. Lindley (1962): “Áreas lexicais no território português”, *Boletim de Filologia*, XX, pp. 273-307.
- DCECH = Corominas, Joan / Pascual, José Antonio (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid : Gredos.
- Dubert García, Francisco e Sousa Fernández, Xulio (2002): “Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ao galego”, *Dialectoloxía e Léxico*, Santiago de Compostela: ILG/ Consello da Cultura Galega, pp. 193-222.
- Dubert García, Francisco e Sousa Fernández, Xulio (2009): “Lexical areas in the Iberian Peninsula based on a proposal by Lindley Cintra”. Presentación no VI Congreso da *International Society*

- for *Dialectology and Geolinguistics* em Maribor (Eslovenia). O material que serviu de apoio á comunicación pode consultarse en <<http://webspersoais.usc.es/persoais/francisco.dubert>>
- Figueiredo, António Cândido de (1986⁴): *Nôvo Dicionário da Língua Portuguesa*, 2 vol., Lisboa: Tavares Cardoso & Irmão [1^a ed:1899]
- García Arias, Xosé Lluis (2002-2004): *Diccionario general de la lengua asturiana*. Oviedo: Editorial Prensa Asturiana, <http://mas.lne.es/diccionario/> [última consulta: 30 de marzo de 2010].
- González González, Manuel (1994): “El Atlas Linguístico Galego”, en P. García Mouton, (ed.): *Geolingüística. Trabajos europeos*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 169-185.
- González González, Manuel (2007): “El Atlas lingüístico galego, un hito en la historia de la dialectología gallega”, en Josefa Dorta (ed.), *Temas de dialectología*, La Laguna/ Tenerife: Instituto de Estudios Canarios, pp. 95-121.
- González Salgado, José Antonio (2000): *Cartografía lingüística de Extremadura. Origen y distribución del léxico extremeño. Tese de doutoramento presentada na Universidad Complutense de Madrid*. Disponible na Internet, <<http://www.geoelectos.com>> [última consulta: 30 de marzo de 2010].
- González Salgado, José Antonio (2001): “Fuentes del vocabulario y áreas léxicas de Extremadura”, en A. Veiga, M. González y M. Souto (eds.), *De lenguas y lenguajes*, A Coruña: Toxosoutos, pp. 125-139.
- González Salgado, José Antonio (2003): *Vocabulario tradicional de Extremadura. Léxico de la agricultura y la ganadería*, Mérida: Editora Regional de Extremadura.
- GVGH = García González, Constantino (ed.) (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Anexo de *Verba*. *Revista galega de Filoloxía*.
- Iglesia Alvariño, Aquilino (trad.) (1951): *Quinto Horacio Flacco: Cancións. Libro I*. Santiago: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- Morais Silva, António (1949¹⁰) : *Grande Dicionário da Língua Portuguesa*. Lisboa: Confluência [edición revisada e aumentada por A. Moreno, Cardoso Júnior e J.P. Machado].
- Navas Sánchez-Élez, María Victoria (1992): “El barranqueño: un modelo de lenguas en contacto”, *Revista de Filología Románica* 9, pp. 225-246.
- Pereda Álvarez, José María (1953): “Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega”, *Douro Litoral*, 5^a série, VII-VIII, pp. 19-52.
- Pinto, Adelina Angélica (1983): *Isoléxicas portuguesas. (Antigas medidas de capacidade)*. Coimbra: Fac. Letras - Inst. de Língua e Literatura Port. Sep. *Revista Portuguesa de Filologia*.
- Porto Rey = Bugarín, M^a X. / González, B. (eds.) (2000): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Real Academia Galega (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Reguera = Reguera y Pardiñas, E. (1840-1858): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano* [manuscrito conservado no *Archivo Histórico Nacional*, transcrito por J. L. Pensado e publicado como anexo de *Cadernos de lingua*, 1995].
- Rohlf, Gerhard (1954): *Die lexikalische Differenzierung der romanischen Sprachen. Versuch einer romanischen Wortgeographie*. München: Verlag der Bayerischen Akademie der Wissenschaften.

- Santamarina Fernández, Antón (ed.) (2003³): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Edición electrónica en CD-ROM.
- Saramago, João (2006): “O Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)”, *Estudis Romànics*, XXVIII, pp. 281-298.
- Saramago, João e Álvarez, Xosé Afonso (no prelo): “Um novo olhar sobre áreas lexicais portuguesas”, en Maria João Marçalo *et alii* (eds.): *Actas do II Simposio Mundial de Estudos de Língua Portuguesa*.
- Saramago, João e Bettencourt, José (2004): “Variação lexical – abordagem efectuada aos materiais do Volume I do Atlas Lingüístico-Etnográfico dos Açores”, *Actas do III Colóquio «O Faial e a Periferia Açoriana nos séculos XV a XX»*, (Flores, 2002), Horta: Núcleo Cultural da Horta, pp.543-595.
- Sobreira = Pensado Tomé, J. L. (ed.) (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos.

Anexo: mapas⁶⁵

Mapa 1. 'Abortar'. Formas con destacada presenza nos dous países.

65 Os mapas presentados neste traballo pódense consultar, a cores e cun tamaño modificable polo usuario, na Internet, no enderezo <<http://www.geolinguistica.org/artigos/verba37.html>>



Mapa 2. 'Abortar'.
Formas con destacada presenza nun país e minoritarias no outro. Formas minoritarias.



Mapa 3. 'Vaca libre, sen crías'.
Formas con destacada presenza nos dous países



Mapa 4. 'Vaca libre, sen crías'.
 Formas con destacada presenza nun
 país e minoritarias no outro. Formas
 minoritarias.



Mapa 5. 'Vaca quente, saída'.
 Formas con destacada presenza nos dous
 países.



Mapa 6. 'Vaca quente, saída'.
Formas con presenza notable,
equilibrada nos dous países.



Mapa 7. 'Vaca quente, saída'.
Formas con destacada presenza nun
país e minoritarias no outro. Formas
minoritarias.



Mapa 8. 'Cubrir'. Formas con destacada presenza nos dous países.



Mapa 9. 'Cubrir'. Formas con destacada presenza nun país e minoritarias no outro. Formas minoritarias.